

RESOLUCIÓN REITORAL DO 23 DE XUÑO DE 2025 POLA QUE SE APROBA A SEGUNDA CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN PARA A CONTINUACIÓN DE ESTUDOS EN TITULACIÓNS DA USC CON COTA DE PRAZAS PARA TRASLADOS. CURSO ACADÉMICO 2025/2026.

- I. O acordo do Consello de Goberno do 27 de maio de 2010, modificado polos acordos do 10 de xuño de 2024, do 25 de xuño de 2024 e do 30 de abril de 2025, regula, ao abeiro do disposto no Real decreto 534/2024, do 11 de xuño, os criterios de admisión por cambio de universidade ou por cambio de titulación nos estudos de grao.
- II. Pola resolución reitoral do 15 de abril de 2025 aprobouse a convocatoria para a presentación de solicitudes de admisión para a continuación de estudos en titulacións da USC para o curso académico 2025/2026, establecéndose como prazo para a presentación de solicitudes desde o 21 de abril ata o 5 de maio de 2025. Este adiamento do prazo para a presentación de solicitudes de traslado respecto do establecido en convocatorias de anos anteriores, veu motivado pola necesidade de non demorar a tramitación do procedemento subseguinte de recoñecemento de créditos no caso de continuación de estudos en titulacións con cota, co obxecto de garantir que o alumnado puidera incorporarse aos estudos unha vez finalizada a dita tramitación
- III. As datas da convocatoria referida no apartado anterior, impediron que parte do estudiantado puidera acreditar coa súa solicitude, e dentro do prazo antedito, a superación das materias necesarias para cumprir co requisito relativo ao número mínimo de créditos, polo que quedaron vacantes parte das prazas ofertadas.

En virtude do exposto, no uso das atribucións conferidas nos Estatutos da Universidade, esta Reitoría resolve publicar unha segunda convocatoria para a continuación de estudos en titulacións da USC con cota de prazas para traslados, e que se rexerá polas seguintes **BASES**:

Primeira. Obxecto

A presente convocatoria publícase ao amparo do Acordo do Consello de Goberno de 27 de maio de 2010, modificado polos acordos do 10 de xuño de 2024, do 25 de xuño de 2024 e do 30 de abril de 2025, co obxecto de abrir un prazo adicional para a presentación de solicitudes de traslados de estudantes alleos ou que xa estiveran matriculados na propia universidade para a continuación de estudos en titulacións da USC, con cota de prazas, para o vindeiro curso 2025/2026.

Segunda. Persoas destinatarias

1. De acordo co disposto no Acordo do Consello de Goberno do 27 de maio de 2010, modificado polos acordos do 10 de xuño de 2024, do 25 de xuño de 2024 e do 30 de abril de 2025, poderán presentar unha solicitude de traslado para a continuación de

estudos a unha titulación da USC con cota de prazas aqueles estudantes procedentes doutra universidade ou doutras titulacións da propia universidade aos que se lles recoñeza un mínimo de 30 ECTS na titulación na que solicite continuar estudos na Universidade de Santiago de Compostela.

2. No caso de solicitantes que teñan cursado estudos en plans que se rexan por directrices anteriores, deberán acreditar ter superados 60 créditos propios da titulación ou no caso de plans non estruturados en créditos, ter superado o primeiro curso completo da titulación, segundo o disposto na Disposición transitoria segunda do Acordo do Consello de Goberno do 10 de xuño de 2024.

Terceira. Solicitud, prazos e documentación

1. Admitirase a presentación dunha única solicitud por persoa interesada.
2. Dita solicitud deberá realizarse a través da Secretaría virtual do estudantado, no caso de estudantes que procedan doutra titulación da USC.

No caso de que non teñan cursado estudos na USC, a solicitud realizarase a través do enderezo: <https://matricula.usc.es/LoginX/Login.asp>.

O prazo será desde o día **1 de xullo de 2025** ata o día **15 de xullo de 2025** (hora límite: 23.59 horas peninsulares). De presentarse a solicitud fóra deste prazo, será inadmitida.

3. Xunto coa solicitud, deberase presentar a seguinte documentación en formato dixital, co nome de arquivo no formato que se indica e sempre dentro do prazo de 48 horas desde a presentación da solicitud:

- a. Certificación académica completa da titulación de orixe en formato dixital e con CSV. Esta certificación deberá incluír a nota media do expediente en base 10. Nesta certificación deberán figurar as cualificacións obtidas na primeira convocatoria ordinaria do curso 2024/2025, agás que se acredite non estar matriculado nese curso académico. De non dispoñer dela dentro do prazo máximo, admitirase provisionalmente un expediente informativo. No caso de que na certificación non se recollan todas as materias superadas no actual curso académico e a súa cualificación na data de finalización de presentación de solicitudes, poderase achegar provisionalmente un certificado expedido polo secretaria/o do centro ou do departamento no que se acredite a cualificación da materia ou materias superadas. [Nome do arquivo: CA_Nome_Apelido_Apelido. Por exemplo, CA_Maria_Martin_Martinez].
- b. Plan de estudos da titulación de orixe en formato PDF. [Nome do arquivo: Plan_Nome da titulación_Universidade. Por exemplo: Plan_Grao en Dereito_UPF]
- c. Programas das materias cursadas en formato PDF, con indicación da páxina web de descarga, no seu caso. Todos os programas deberán unirse nun único arquivo e ir precedidos dun índice onde se especifique a páxina ou páxinas nas que se localicen os programas no PDF. [Nome do arquivo: Programas]

d. Documentación que acredite o tipo de acceso á Universidade (tarxeta PAAU, ABAU, FP, título universitario, etc). [Nome do arquivo: PAAU; ABAU; etc]

e. Xustificante do pagamento da tarifa de estudo de expediente.

Para isto terá que realizar o pagamento na seguinte ligazón:

https://matricula.usc.es/autoliquidacions/Frm_Economica_Autoliquidaciones.asp,

seleccionando no concepto a opción “Servizos Académicos – Prezos Servizos académico-administrativos”, con indicación do importe de 27.09€ e engadindo no campo observacións “Estudo de expediente (traslado)”.

Exceptúase deste pagamento a aquelas persoas que posúan un informe vixente e actualizado de consulta previa emitido polo centro, referido á titulación á que se quere acceder ou que teñan solicitada a consulta previa do expediente con anterioridade a esta convocatoria. Nestes casos deberán presentar dito informe actualizado ou no caso de que aínda non se emitira, acreditación da solicitude de informe previo. [Nome do arquivo: Pagamento ou Informe].

f. Copia do certificado que acredite a condición de persoa con discapacidade ou DAN/DAR, de ser o caso. [Nome do arquivo: Certificado_DISC/DAN/DAR].

g. Outra documentación relevante para a solicitude, de ser o caso [Nome do arquivo: Doc_adicional].

4. A persoa solicitante é responsable da veracidade dos datos declarados. En caso de inexactitude, falsidade ou omisión nos datos ou documentos que acompañan a esta solicitude, procederá a súa exclusión do proceso de adxudicación de prazas ou, de ser o caso, á anulación da matrícula.

Cuarta. Criterios de ordenación aplicables aos supostos de continuación de estudos en titulacións con cota.

As solicitudes ordenaranse de conformidade co disposto no criterio TERCEIRO do Acordo de Consello de Goberno de 27 de maio de 2010 modificado polos Acordos do Consello de Goberno do 10 de xuño de 2024, do 25 de xuño de 2024 e do 30 de abril de 2025.

No caso de que dúas ou mais persoas obteñan a mesma puntuación dentro do mesmo grupo e as prazas a adxudicar sexan menos, as solicitudes ordenaranse por nota de admisión e se persiste a igualdade, por orde cronolóxica da solicitude.

A nota de admisión calcularase do seguinte xeito en función do acceso:

1. **Titulados/as universitarios/as:** Nota media do título universitario de grao ou equivalente. No caso de estudantado que obtivese a praza na universidade de orixe cun título oficial de Máster, a nota de admisión será a media ponderada do título de Grao ou equivalente e do título de Máster con que accedeu, tal como se establece no Acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao.

2. **Maiores de 25 anos:** Cualificación obtida nas probas de acceso.
3. **Estudantado que superou as probas de acceso á universidade, con Bacharelato homologado ou credencial UNED e estudantado de Ciclos formativos:** a nota de admisión establecerase mediante a suma de:
 - a. A Nota de acceso á Universidade que poderá ser:
 - Proba de acceso á universidade: $0,6 \times \text{nota media do Bacharelato} + 0,4 \times \text{cualificación da parte Obrigatoria}$.
 - Bacharelato homologado: nota media da credencial de homologación.
 - Credencial UNED: nota da credencial.
 - Ciclo superior: nota media do expediente.
 - b. A cualificación resultante das ponderacións (0,1 ou 0,2) sobre as cualificacións dun máximo de dúas materias vinculadas ao Grao que solicita, da que se examinase na Parte Voluntaria das probas de acceso e/ou da materia troncal de modalidade correspondente á parte Obrigatoria das probas de acceso, que proporcionen a mellor nota de admisión, de acordo coa seguinte [táboa de ponderacións](#).

Para calcular a nota de admisión terase en conta a mellor cualificación das materias da parte voluntaria e/ou materia troncal de modalidade, independentemente da convocatoria na que as superase.

Quinta. Tramitación e resolución

1. As Unidades de Xestión Académica comprobarán a documentación presentada por cada solicitante. De ser preciso a emenda da solicitude, outorgarase un prazo de 5 días hábiles. No caso de non atender a esta en prazo, procederase ao arquivo da solicitude.
2. Os centros responsables das titulacións de destino na Universidade de Santiago de Compostela serán os encargados de verificar o cumprimento dos requisitos de natureza académica, unha vez as solicitudes estean completas. Tal verificación deberá estar completada o día **5 de setembro de 2025**.
3. O Servizo de Xestión Académica, finalizada a fase anterior, resolverá e dará publicidade ás listaxes de admitidos e excluídos, establecendo, no seu caso, unha listaxe de agarda. Ditas listaxes publicaranse entre o **día 8 e o día 12 de setembro de 2025** e poderán consultarse na Secretaría Virtual na que se realizou a solicitude de admisión.
4. A persoa interesada deberá formalizar a súa matrícula no prazo sinalado na resolución de admisión. De non facelo, decaerá no seu dereito sobre a praza adxudicada.

5. Finalizado o primeiro prazo de matrícula, no caso de que non se matriculasen todas as persoas admitidas, convocarase ás persoas da listaxe de agarda, que terán que matricularse no prazo sinalado na resolución de admisión.

Sexta. Publicación das notas de corte e do número de prazas

De acordo co disposto no Acordo do Consello de Goberno do 27 de maio de 2010, modificado polos Acordos do Consello de Goberno do 10 de xuño de 2024, do 25 de xuño de 2024 e do 30 de abril de 2025, por [Instrución III/2025 da Xerencia](#) publicáronse as notas de corte nos estudos de grao do curso inmediatamente anterior, aos efectos de ordenacións das solicitudes de admisión e o número de prazas dispoñibles para traslados en cada titulación para o vindeiro curso 2025/2026.

No **Anexo I** establécense as prazas vacantes en titulacións con cota, logo da primeira convocatoria aprobada por Resolución reitoral do 15 de abril de 2025.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

En Santiago de Compostela

O Reitor

Antonio López Díaz

ANEXO I. Prazas vacantes

ESTUDOS DE GRAO	CONTINUACIÓN
G. en Bioloxía	8
G. en Bioquímica	5
G. en Biotecnoloxía	5
G. en Comunicación Audiovisual	5
G. en Educación Social	5
G. en Enfermaría [S]	11
G. en Enfermaría [L]	9
G. en Enxeñaría Informática	6
G. en Enxeñaría Química	6
G. en Farmacia	17
G. en Intelixencia Artificial	5*
G. en Mestre en Educación Infantil [S]	2
G. en Mestre en Educación Infantil [L]	9
G. en Mestre en Educación Primaria [S]	7
G. en Mestre en Educación Primaria [L]	9
G. en Nutrición Humana e Dietética	6
G. en Odontoloxía	5
G. en Pedagogía	6
G. en Psicoloxía	4
G. en Relacións Laborais e Recursos Humanos [S]	8
G. en Veterinaria	6
G. en Xornalismo	4

PROGRAMAS DE DOBRE TITULACIÓN (só alumnado da USC)	CONTINUACIÓN
Dobre grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos	2 ¹
Dobre grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	4 ²
Dobre grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas	4 ²
Dobre grao en Física e en Química	4 ²
Dobre grao en Matemáticas e en Física	4 ²
Dobre grao en Química e en Bioloxía	2 ¹
Dobre grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual	2 ¹
Dobre grao en Mestre en Educación Infantil e Primaria (Lugo)	2 ¹
Dobre grao en Farmacia e en Óptica e Optometría	2 ¹
Dobre grao en Mestre en Educación Infantil e Primaria (Santiago)	2 ¹

¹ praza por cada un dos graos que compoñen a dobre titulación (Só para estudantado da USC).

² prazas por cada un dos graos que compoñen a dobre titulación (Só para estudantado da USC).

*Establécese unha cota adicional de 2 prazas para cambios de expediente entre os matriculados no Grao no SUG.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
23/06/2025 10:50:23.

CSV: 7986-B86C-4273-9BFA